

## ACORDO MUNICIPAL Nº 12 REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO.

### **1.- OBXETO E CONCEPTO:**

E obxecto do presente acordo establecer un marco normativo regulador do prezo público polo servizo de axuda a domicilio adaptado o diposto na Lei 3/2006 do 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atancón ás persoas en situación de dependencia, , Real Decreto 727/2007 do 8 de xuño sobre criterios para determinar as intensidades de protección dos servizos e contía das prestacións económicas e Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar , así como a outra normativa que sexa de aplicación.

De conformidade co previsto no artigo 127, (en relación có Capítulo 6 do Título 1 artigos 41 a 47 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, este Concello establece o prezo público polo Servizo de Axuda a Domicilio, especificado nas Tarifas comprendidas no artigo 4, que se rexerá pola presente normativa .

As condicións de prestación do servizo de axuda a domicilio polo persoal municipal recóllese no Regulamento de funcionamento do servizo de axuda a domicilio do Concello de Boimorto .

### **2.- OBRIGADOS Ó PAGO USUARIOS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA**

1. Para os efectos deste artigo considérase persoa usuaria aquela para a cal se solicite o servizo. No caso de intervención con familias, entenderase como persoa usuaria un dos membros adultos da unidade de convivencia responsables dos menores que formen parte dela.

2. A capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar calcularase en atención á súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, as persoas conviventes economicamente dependentes, de acordo co establecido nos parágrafos seguintes.

3. A renda valorarase atendendo aos ingresos netos que se perciban, que comprenderán os rendementos de traballo, incluídas pensións e prestacións de previsión social, calquera que sexa o seu réxime; os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais.

4. Para o cómputo do patrimonio estarase ao disposto na normativa fiscal en vigor sobre o patrimonio, entendéndose por tal o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexa titular a persoa usuaria do servizo, con dedución das cargas e gravames que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das que deba responder. Considéranse exentos do cómputo a vivenda habitual en que se preste o servizo e os bens e dereitos cualificados como exentos na normativa aplicable sobre o imposto do patrimonio. Nos supostos de cotitularidade, só se terá en consideración a porcentaxe correspondente á propiedade do beneficiario.

5. No caso de que a persoa usuaria tivese cónxuxe ou parella de feito, as rendas de ambos os dous terán a consideración de rendas computables, entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos de ambos os dous membros da parella.

6. A capacidade económica por razón de renda determinarase dividindo a renda ou rendas computables, de acordo co número anterior, entre a suma dos seguintes conviventes: o perceptor ou perceptores de rendas computadas e, se é o caso, o cónxuxe e os ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade, que dependesen economicamente dos citados perceptores.

7. A capacidade económica resultante será a correspondente á renda da persoa usuaria, calculada de acordo cos números anteriores, modificada á alza, se fose o caso, pola suma dun 5% do valor do patrimonio neto que supere o mínimo exento para a realización da declaración do imposto sobre o patrimonio en vigor a partir dos 65 anos de idade, dun 3% dos 35 aos 65 anos e dun 1% os menores de 35 anos.

8. Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes á última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida.

9. A Traballador/a social solicitará dos usuarios anualmente actualización de datos para a revisión anual e actualización da información relativa á capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar.

### **3.-BASE IMPONIBLE:**

#### **PARTICIPACIÓN NO FINANCIAMENTO DO SERVIZO DAS PERSOAS USUARIAS**

Ós efectos previstos para aplicación das tarifas que a continuación se sinalan, se establece o prezo da hora por prestación do servizo en 10 euros/hora, revisable potestativamente segundo resolva a Alcaldía Presidencia anualmente segundo o índice de precios ó consumo que fixe o Goberno.

1. No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM) ( determinado na Lei de orzamentos xerais do Estado anualmente , quedará

exenta da obriga de participar no custo do servizo se trate de acceso en concurrencia ou como dependente

2. Para o resto dos supostos,

2.1.- De tratarse de usuarios de acceso por libre concurrencia

a) As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 100% pero que non exceda o 300% do indicador público de renda de efectos múltiples, asumirán o 20% do custo do servizo.( 2€/ hora)

b) As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 300%, asumirán o 65% do custo do servizo.( 6,50€/ hora)

2.1.- De tratarse de usuarios dependentes:

a) As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 100% pero que non exceda o 150% do indicador público de renda de efectos múltiples, asumirán o 10% do custo do servizo.( 1€/ hora)

b) As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 150% pero que non exceda o 200% do indicador público de renda de efectos múltiples, asumirán o 12% do custo do servizo.( 1,2€/ hora)

c) As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 200% pero que non exceda o 250% do indicador público de renda de efectos múltiples, asumirán o 15% do custo do servizo.( 1,50€/ hora)

d) As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 250% pero que non exceda o 300% do indicador público de renda de efectos múltiples, asumirán o 20% do custo do servizo.( 2€/ hora)

e) As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 300% pero que non exceda o 350% do indicador público de renda de efectos múltiples, asumirán o 28% do custo do servizo.( 2,80€/ hora)

f) As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 350% pero que non exceda o 400% do indicador público de renda de efectos múltiples, asumirán o 37% do custo do servizo.( 3,70€/ hora)

g) As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 400% pero que non exceda o 450% do indicador público de renda de efectos múltiples, asumirán o 45% do custo do servizo.( 4,50€/ hora)

h) As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 450% pero que non exceda o 500% do indicador público de renda de efectos múltiples, asumirán o 60% do custo do servizo.( 6€/ hora)

3. Sen prexuízo do establecido no punto anterior, poderán preverse excepcións aos criterios xerais nos casos en que a problemática principal atendida sexa a

desestruturación familiar e se procure a protección e integración social de menores de idade en risco de exclusión, mediante resolución motivada do órgano competente para acordar a concesión do servizo, da que en todo caso deberá deixarse constancia no correspondente expediente.

Debido ó carácter socio-asistencial do servizo e a recepción de subvencións por parte da Xunta de Galicia e da Deputación Provincial, os ingresos previsibles cubren só unha parte dos custos. Nos supostos que son de aplicación, os prezos públicos valoraranse os mesmos, con arranxo ós principios de poder contributivo e utilidade recibida.

## **5.- CONDICIÓN DE PAGO:**

As liquidacións de prezos practícaranse por meses naturais, facendose o aboamento por domiciliación, na caixa da corporación ou nas distintas contas abertas pola corporación en entidades financeiras con sucursal no término municipal.

a) Os abonos mensuais das cuotas de co-financiación realizaranse preferentemente mediante unha domiciliación bancaria previa autorización do usuario. Se estes pagos non se poidesen facer efectivos por calquera motivo - inexistencia de fondos ou outros -, o beneficiario do servizo será apercibido de inmediato, responsabilizándose dos gastos que isto ocasione. Se é reincidente, e tras valora-lo caso, causará baixa no Servizo de Axuda a Domicilio sen dereito a reserva da súa praza pasará a engrosa-la lista de espera.

b) Si existise un motivo suficientemente xustificado, e tras unha valoración previa, poderá eximirse ó beneficiario do pago mediante domiciliación, ocupándose o mesmo do pago directo na entidade bancaria nun prazo convenientemente fixado.

c) Cando un usuario vaia a estar ausente do seu domicilio terá que comunicalo ó Departamento de Servizos sociais sexa cal sexa a causa, se a ausencia supera a mensuralidade deixará de ser beneficiario do servizo, sen prexuízo de reserva de praza cando a ausencia foi motivada por motivos de hospitalización.

d) Se a algún dos beneficiarios non se lle prestara o servizo por causas non imputables a él mesmo, léase por ausencia da traballadora familiar ou outros inconvenientes derivados da organización interna do servizo, terá dereito a un desconto proporcional ó tempo que estivo sen atender á hora de abona-la cuota mensual.

## **6.- EXENCIÓN:**

De conformidade co artigo 44.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado por RD lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, estarán exentas do pago do prezo público os beneficiarios seguintes:

a) As persoas que residan soas nun domicilio con ingresos precedentes da percepción de pensións de contía inferior á pensión mínima de xubilación da

Seguridade Social.(tamén estarán exentos os beneficiarios da Pensión non contributiva).

b) Previo acordo plenario persoas, conxuxes e familias por razóns motivadas de emerxencia social previo informe dos servizos sociais do Concello de Boimorto.

e) No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM) (determinado na Lei de orzamentos xerais do Estado anualmente), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

## **7.- NORMAS DE XESTIÓN:**

1.- As persoas físicas e interesadas na prestación do servizo ó que se refire esta Ordenanza deberán presentar, no Rexistro Xeral do Concello, solicitude detallada, segundo modelo normalizado a facilitar polos Servizos Sociais Municipais, sobre o servizo interesado, lugar e horarios onde se debe prestar, e demais detalles necesarios para a súa correcta determinación. As solicitudes do servizo poden realizarse particularmente pero tamén de oficio mediante proposta do/a traballador/a social.En ambos casos o beneficiario aceptará expresamente as condicións do servizo e facilitará a información veraz necesaria para a posible liquidación do prezo público.

2.- As cantidades esixibles con arreglo á tarifa serán liquidadas en función do servizo prestado por horas .Pola Secretaria intervención prepararanse mensualmente as liquidacións de prezos públicos previo informe de servizos sociais e as liquidacións iniciais para cada usuario serán aprobadas por resolución da Alcaldía

3.- Os servizos de Asistencia Social do Concello comprobarán as solicitudes formuladas polos interesados mediante visitas a domicilio, entrevistas e outros medios de investigación, emitíndose informe ó respecto sobre a procedencia ou non de acceder ó solicitado e o tipo de prestación.

4.- A forma de prestación do servizo, a súa autorización e cese serán resoltas pola Alcaldía ou, no seu caso, pola Xunta de Goberno, atendendo ós criterios establecidos polos Servizos de Asistencia Social, e con base o regulamento de réxime interno específico para este servizo ( publicado no BOP nº 131 de data 9/6/2000.

5.- Unha vez autorizada a prestación do servizo, este desenvolveráse durante seis meses, ou durante menos tempo se a necesidade fose transitoria, estando suxeito a unha revisión a partir dese período, podendo prorrogarse por un período igual se as condicións que ocasionaron a alta no servizo se manteñen e sempre que o permitan as necesidades do servizo.

6.- Os beneficiarios do S.A.D., ou os seus lexítimos representantes en caso de incapacidade física ou psíquica dos mesmos, terán a obriga de asinar un contrato co Concello no que se estipulen as condicións de desenvolvemento do

servicio, así como as obrigas e dereitos de cada unha das partes. Este contrato estará suxeito tamén a revisión cada seis meses, podendo prorrogarse automaticamente, modificarse ou extinguirse.

7.- A presentación da baixa surtirá efectos inmediatos a partir do día primeiro día dende a comunicación da mesma non liquidándose o prezo público dende este momento.

## **8.- OBRIGA DE PAGAMENTO:**

Unha vez resoltas as solicitudes de prestación do servizo, procederase á súa inclusión a relación de beneficiarios do servizo de axuda no fogar por meses naturais que será comunicada previa autorización do beneficiario as entidades bancarias colaboradoras que se sinale.

### **Disposición derogatoria**

Queda sen efectos o acordo municipal plenario regulador do prezo público do servizo de axuda no fogar publicado no BOP nº 132 de data 10/6/2008 dende o 1/8/2009.

### **Disposición final.**

O presente acordo regulador do prezo público polo servizo de axuda a domicilio, aprobado polo Pleno do Concello en sesión celebrada o 25/6/2009, entrará en vigor o día 1 de agosto de 2009 previa a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia continuando a súa vixencia ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa por acordo municipal ou disposicións legais de rango superior.

b) Aprobar inicialmente os expedientes de modificación de créditos:

14/2009 subexpediente de suplemento de crédito nº 3/2009

15/2009 subexpediente de crédito extraordinario 2/2009

Expedientes que por medio do presente anuncio expóñense ó público, polo prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de que os interesados poidan examinalos e presentar as reclamacións ou alegacións que estimen pertinentes, de conformidade co disposto nos artigos 169, do RDLex 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e art. 38 e 42 en relación cos artigos 20 e 22 do R.D. 500/1990, do 20 de abril.

c) Aprobar o Regulamento da prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Boimorto e en aplicación do artigo 49 da Lei 7/1985 de 2 de abril, de bases do réxime local sometelo expediente a información pública e audiencia ós interesados/as durante o prazo de trianta días hábiles que comenzarán a contarse a partir do seguinte á publicación do anuncio no BOP .

d) Aprobou definitivamente a desafectación do ben inmovible titularidade deste Concello “ Centro de saúde de Boimorto” ben inmovible de natureza urbana que pasa a ser ben de natureza patrimonial.

Boimorto o vintenove de xuño de 2009

O Alcalde:

Asdo.-José Ignacio Portos Vázquez